


Texto: **JUAN FARIAS**
Ilustracións: **XOSÉ COBAS**
Tradución: **ISABEL SOTO** e **XAVIER SENÍN**

Encadernado en cartonné. 27x20,5 cm.
48 páxinas a toda cor. MareMar
ISBN 978-84-8464-667-9

Prezo: 15 €

GALEGO Á BEIRA DO MAR



**Rapaz, Rapaciño, chamábanlle O Rapaciño.
O nome propio e mais os apelidos caéronlle a por de non usalos...
O Rapaciño, para todos, era o fillo de Peixeira, o pai da Roxa, o avó do Pencas.**

A historia fermosa e conmovedora dun ancián que lembra a súa vida con nostalgia: paseos co seu neto, comidas inapropiadas ás agachadas do doutor, visitas á panadeira, escapadas a seu querido mar... mais tamén lembranzas románticas, divertidas e, sobre todo, longas conversas con Ela.

Literatura e arte en estado puro, para todos os públicos, neste relato afectuoso, doce e melancólico que transcorre nun escenario cotiá, de xeito realista; narrado -case susurrado- con sinxeleza e tenrura, para captar a complicidade do lector. Prosa poética concisa, suxerente e evocadora, que destaca pola precisión da linguaxe que emprega e pola súa afección por describir o mundo rural e o mariñeiro.

JUAN FARIAS (Serantes, A Coruña, 1935)

Estudou Náutica na Coruña e embarcou na Mariña Mercante. Leva desde o 1959 adicado á literatura para adultos, malia que nos últimos 30 anos a maior parte da súa obra está dirixida ao público infantil e xuvenil. Os especialistas descríbennos como un autor que escribe para o adulto que todos os nenos levan dentro. Entre outros galardóns, foi distinguido co 1º Premio Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil 2007, co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1980. Catro anos despois foi incluído na Lista de Honra da IBBY. Foi finalista en 1965 do Premio Nadal e gañou en 1973 o Premio Nacional de Guións. A súa obra está composta por uns 50 libros infantís e oito novelas, traducidas a numerosas linguas.

XOSÉ COBAS (Negreira, A Coruña, 1953)

Ilustrador, pintor e deseñador gráfico. Comezou a expoñer a súa obra hai tres décadas, tanto por salas e galerías galegas, como do resto de España e do estranxeiro. Participou en varios certames e bienais artísticas en Pontevedra, León, Salamanca, Santiago, Guadalajara, Madrid e Oviedo, entre outras cidades. Entre os galardóns que ten recibido figuran o Premio Gourman World Cookbook 2004 ao mellor libro do mundo sobre literatura gastronómica, o Premio Lecturas 2003, o Premio Feten 2002 ao mellor álbum. En conxunto ten ilustrado máis de 80 libros de diversos xéneros -poesía, ensaio e álbumes infantís- e colabora na prensa galega. Entre os seus traballos recentes destacan as ilustracións do libro "Memorias de un niño campesino", de Xosé Neira Vilas, editado por KALANDRAKA.

- **Temática:** un ancián que repasa as lembranzas da súa vida
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aplicacións:** relacións interxeracionais, a vellez, a actitude positiva ante a vida, as lembranzas do pasado

